

PROGRAMA TROULEANDO Ecoparque Multiaventura



Para o mes de maio, dentro do programa TROULEANDO, propoñemos unha xornada no **Ecoparque Multiaventura (Marín-Pontevedra)** onde poderemos gozar de catro circuítos suspendidos nas árbores con máis de 70 xogos e desfrutar dunha xornada de diversión e aventura salvando obstáculos como lianas, tirolinas, rocódromo, redes, pontes de mono, troncos, táboas,... para demostrar a vosa habilidade e destreza en altura.

A actividade terá lugar o 29 de maio, sairemos en bus dende o Pazo da Peregrina de Bertamiráns ás 15.00h e da Casa da Cultura de Milladoiro ás 15.15h. O regreso efectuarase nas mesmas paradas, chegando a Milladoiro arredor das 20.30h e a Bertamiráns ás 20.45h aproximadamente. Os participantes menores deben ser recollidos na parada polos pais/nais/titores-as ou representantes legais.

Para inscribirse debes estar empadroad/a no Concello de Ames e ter entre 12 e 30 anos. Se queres participar cubre a ficha de inscrición e envíaa a omix@concellodeames.gal, o prazo para entregala é entre o 4 e o 11 de maio, e as prazas son limitadas (por orde de chegada ata completar prazas).

ATA QUE REMATE O PRAZO DE INSCRICIÓN E SE COMPROBEN OS DATOS NON SE COMUNICARÁ A ADMISIÓN OU NON DA PRAZA.

Debes traer calzado cómodo de suela dura (deportivos ou de montaña), roupa cómoda, gorra, crema solar, máscara e se dispoñedes dos mesmos, guantes sen dedos. A empresa aportará o restante material necesario (arnés, etc.).

Será preciso contar cun mínimo de 20 mozos/as para desenvolve-la actividade, en caso contrario, o Concello de Ames, poderá anular a actividade.

Calquera dúbida contacta coa OMIX no teléfono 616083229 ou o correo electrónico omix@concellodeames.gal.

FICHA DE INSCRICIÓN: Ecoparque Multiaventura

Nome e apelidos: _____

DNI: _____ Data nacemento: _____

Correo-e: _____ teléfono: _____

Enderezo: _____

PARADA BUS (X)	LUGAR	HORARIO ESTIMADO	ADULTO/A RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE Á VOLTA (de selo caso)
	Pazo Peregrina Bertamiráns	Ida 15.00h Volta 21.15h	NOME E APELIDOS: DNI:
	Casa Cultura Milladoiro	Ida 15.15h Volta 21.00h	NOME E APELIDOS: DNI:

Eu _____

DNI _____, acepto as bases e requisitos da actividade, polo que asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición.

(Autorización paterna **SÓ** en caso de menores de idade)

D./Dª _____

DNI: _____ como pai, nai ou titor/a do/a solicitante autorizo ao mesmo/a a participar nesta actividade, acepto as bases e requisitos da mesma, polo que asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición.

Así mesmo AUTORIZO NON AUTORIZO ao ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento organizado polo concello no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Asdo.: _____
(solicitante maior de idade ou pai, nai ou titor/a do/a menor de 18 anos)

Data: _____

Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica da Oficina Municipal de Información Xuvenil, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo "TROULEANDO: Ecoparque Multiaventura"; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES